

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DE TERCEIRAS EMPRESAS DE ESPAZO COA FINALIDADE DE FACILITAR A COORDINACIÓN DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, na data da última sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)**, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640. A Fundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 73.

Está representada neste acto pola súa Directora-Xerente, dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación o 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante notario o día 19 de decembro de 2016.

E, doutra parte **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (ou Amtega)**, con domicilio fiscal no Edificio Administrativo San Caetano, s/n, de Santiago de Compostela (A Coruña) e provista do NIF Q1500382E.

Está representada neste acto pola súa Directora, dona Mar Pereira Álvarez, cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confiren os artigos 5º e 15º do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

As Partes manifestan ter e recoñécense, mutua e reciprocamente, a capacidade xurídica necesaria para outorgar o presente documento, para cuxos efectos,

EXPOÑEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** é unha fundación do sector público galego, sen ánimo de lucro, declarada de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, e cuxo obxecto, recollido no artigo seis dos seus Estatutos, é *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural”*.

II.- Que conforme aos seus estatutos, para a consecución dos obxectivos mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar as seguintes actividades:

a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*



b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías. [...]*

e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. [...]*

g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*

h) *As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”*

III.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da Cidade da Cultura de Galicia (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste sentido, a Fundación Cidade da Cultura é propietaria do edificio Centro de Innovación Cultural e de Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC), no que se ubica o “Espazo Empresas”, que alberga a distintas empresas e que na actualidade presta servizos sobre proxectos estratéxicos da Axencia que requiren coordinación entre diferentes empresas ou coordinación coa Amtega.

IV.-Que a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** creouse mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A Amtega é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a “definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico”.

V.- Que a actuación da Amtega lévase a cabo de acordo cun plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión. O contido deste contrato de xestión se aproba, en termos de proposta, polo Consello Reitor da Amtega e, con carácter definitivo, polo Consello da Xunta de Galicia..

VI.- Que o Goberno galego a través da Estratexia Galicia Dixital 2030, liderada pola Amtega e ten o obxectivo de facilitar a transición cara a unha sociedade máis dixital e ecolóxica, o cal constitúe unha prioridade comunitaria fundamental para potenciar a revitalización da economía e asegurar unha senda de crecemento sostible.



Para abordar a misión proposta, e tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, defínense os seguintes elementos que conforman os cimentos fundamentais da Estratexia: 7 EIXES ESTRATÉXICOS que potenciarán solucións dixitais para contribuír a dar resposta aos novos retos globais baixo un enfoque integrado de rexión que asegure á cidadanía no centro e se oriente cara á construción dunha Galicia máis sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

- 1) Goberno e Administración Intelixente; consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos, que responda ás necesidades e expectativas da cidadanía, facilitando a participación da mesma e, de forma proactiva, informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.
- 2) Sociedade Dixital e Inclusiva; dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas, así como o pensamento crítico, a creatividade ou a xestión da carreira ao longo de toda a vida, a través da aprendizaxe permanente.
- 3) Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social; traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, contribuíndo a mitigar os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sostibilidade dos sistemas e servizos sociosanitarios.
- 4) Territorio Intelixente, Verde e Resiliente.; avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sostibilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.
- 5) Conectividade Dixital do Territorio; promovendo unha Galicia máis integrada e conectada, asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.
- 6) Cultura e Turismo Intelixente; potenciando unha Galicia máis aberta, accesible e interactiva, impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.
- 7) Economía Dixital e Sostible; impulsando a transición dixital do modelo produtivo como factor fundamental para o aumento da competitividade, o emprego e a xeración de valor do tecido empresarial permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

VII.- Que para a satisfacción deste obxectivos, e para os efectos de facilitar a debida coordinación coas empresas adjudicatarias dos seus contratos de servizos, a Fundación, a instancias da Amtega, ofrece a posibilidade de que tales empresas que presten servizos sobre proxectos estratéxicos da Axencia que requiren coordinación entre diferentes empresas ou coordinación coa Amtega, poidan ocupar espazos a cambio dun prezo en instalacións próximas



á sede da Amtega. Neste sentido, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Amtega asinaron 22 de outubro de 2013, un primeiro convenio co fin de poñer a disposición de terceiras empresas espazos libres situados na planta baixa do Edificio CINC, para os efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Amtega coas ditas empresas. Igualmente o 12 de abril de 2019, Amtega e Fundación Cidade da Cultura de Galicia asinaron un segundo convenio que ampliaría estes acordos ata finais de 2021.

VIII.- Que o 31 de decembro de 2021 o convenio citado no punto anterior deixa de producir efectos, polo que procede a sinatura dun novo convenio que garanta a posta a disposición a favor de terceiras empresas de espazos libres situados na planta baixa do Edificio CINC, para os efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Amtega coas ditas empresas.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

1.1. Ó obxecto do presente convenio é definir a colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e a Amtega, co fin de poñer a disposición de terceiras empresas os seguintes espazos libres situados na planta baixa do Edificio CINC, para os efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Amtega:

- Local nº 105. Superficie útil: 206,95 m²
- Local nº 106. Superficie útil: 13,28 m²
- Local nº 108. Superficie útil: 7,10 m²
- Local nº 126. Superficie útil: 174,38 m²
- Local nº 128. Superficie útil: 123,38 m²
- Local nº 212. Superficie útil: 131,23 m²

Os locais nº 105, nº 106, nº 108, nº 126 e nº 128 están divididos en “unidades de espazo” susceptibles de cesión independente que constarán dos seguintes elementos:

- 1 mesa de traballo
- 1 cadeira de oficina
- 1 caixoneira móbil

No caso do local 212 do CINC, se cederá co seguinte equipamento;

- 1 paragueiro
- 1 colgadoiro
- 13 armarios de madeira laminada, de 2 portas
- 1 mesa redonda de madeira laminada
- 6 cadeiras sen rodas
- 20 caixoeiras de madeira laminada
- 14 mesas rectangulares con mesa auxiliar, de madeira laminada
- 6 mesas rectangulares, de madeira laminada
- 20 cadeiras con rodas
- 7 papeleiras

1.2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as partes conveñen a posibilidade de ampliación da superficie a disposición de terceiras empresas coa incorporación dos



espazos denominados “Pool” da planta baixa que actualmente están cedidos á Amtega para usos propios da Axencia. En calquera caso, Amtega poderá revocar de forma unilateral a cesión deste espazo a terceiras empresas, sempre que precise este espazo para funcionamento propio da entidade e o notifique á Fundación con polo menos dous meses de antelación á data de uso efectivo dos espazos, a fin de permitir oportuna comunicación de rescisión de contratos ás empresas afectadas.

- 1.3. A Fundación, de ser o caso, poderá incorporar novos espazos á oferta prevista no punto 1.1 sempre que ditos espazos estean dispoñibles e non permanezan vinculados a outras actuacións propias da súa actividade fundacional, estatutaria e cultural, e sempre mediando oportuna autorización do Padroado da mesma. En calquera caso, a Fundación poderá revocar de forma unilateral a cesión destes espazos a terceiras empresas, sempre que precise este espazo para actividades fundacionais, segundo o previsto nos estatutos, e o notifique á Amtega con polo menos dous meses de antelación á data de uso efectivo dos espazos.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN

A Fundación, en base ás necesidades de ubicación das empresas previamente manifestadas pola Axencia nos locais sinalados na cláusula primeira, consensuará con estas o número de espazos susceptibles de cesión de uso.

A Fundación procederá ao alugueiro dos espazos coas empresas previamente sinaladas pola Amtega, concretando o número de “unidades de espazo” obxecto de cesión de uso.

O prezo por cada “unidade de espazo ou posto”, será de **noventa e catro euros ao mes mais o IVE que corresponda (94,00 €/mes máis o IVE que corresponda)**. **Este importe tamén será aplicable a posibles solicitudes de novos postos de empresas con contratos en vigor no momento de produción de efectos do presente convenio.**

O prezo sinalado inclúe a participación do cesionario nos gastos comúns da propia Fundación relativos á subministración de enerxía eléctrica, gas e gasóleo, auga, seguridade, mantemento xeral e limpeza.

Exclúense do prezo, e serán de conta do cesionario, entre outros, os gastos de telefonía móbil, licenzas de *software*, gastos de material de oficina e equipamento, contribucións administrativas e impostos e licenzas derivados da realización da súa actividade, gastos de transporte e mensaxería.

Corresponde á Fundación a formalización do correspondente contrato, sobre a base do modelo recollido no anexo I deste convenio de colaboración.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA AMTEGA

Amtega obrígase a:

- 1.- Informar ás empresas adjudicatarias das licitacións convocadas pola axencia da posibilidade de formalizar o citado cesión de uso de espazos coa Fundación sempre que as empresas o precisasen.

- 2.- Comunicar á Fundación as concretas empresas adjudicatarias, con carácter previo á súa posible ubicación nas dependencias obxecto do presente convenio de colaboración, ou de cara á posible resolución do contrato existente. A Amtega dará traslado do número de expediente do



que a terceira empresa resulta adxudicataria, do seu obxecto e da data prevista de finalización do contrato.

3.- A Axencia comprométese a poñer a disposición en tales espazos dun mobiliario básico (mesas, cadeiras, caixoneiras relacionadas no anexo II) a situar nas dependencias obxecto do presente convenio de colaboración, así como ao mantemento ou substitución do mobiliario posto a disposición, cando o mesmo resulte danado e xa non sexa adecuado ao uso para o que foron adquiridos.

4.- Solicitar autorización expresa da Fundación cando se prevea a necesidade de ampliación de mobiliario ou espazo para poñer a disposición das terceiras empresas.

En calquera caso, a Amtega non poderá dispoñer libremente dos espazos e autorizar o uso dos mesmos sen mediar a oportuna autorización da Fundación, previa formalización dun contrato.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

O presente convenio de colaboración non xera ningunha obriga económica entre as partes.

QUINTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de vixencia do presente convenio será de catro anos, a partir da súa sinatura, sen prexuízo de que en calquera momento antes da finalización de dito prazo, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

A duración dos diferentes contratos asinados con terceiros en virtude do presente convenio ou das súas prórrogas non estará afectada pola vixencia do presente convenio de colaboración, todo iso sen prexuízo de que a extinción da duración do dito convenio poida erixirse como causa, entre outras, para que a Fundación, chegado o vencemento anual, non prorrogue os ditos contratos.

SEXTA.- NON EXCLUSIVIDADE

As partes recoñecen expresamente o carácter non exclusivo do presente convenio e, en consecuencia, recoñecen que cada unha delas poderá subscribir con terceiros acordos similares a este.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión de seguimento, formada, cando menos, por dous representantes por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, definindo as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes o estimen oportuno, para o mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cunha antelación mínima dunha semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.



OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O acordo mutuo entre as partes
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. O cumprimento do prazo máximo de duración do contrato, excepto nos casos previstos na cláusula quinta do presente convenio.
4. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos da Xunta de Galicia polas que se extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia ou unha ubicación diferente para a Amtega.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Ambas as partes comprométense a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPDP), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPDP, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

DÉCIMA.- CESIÓN

Os dereitos e obrigas asumidas por cada unha das partes no presente convenio non poderán ser cedidos a terceiras partes sen o consentimento previo e por escrito da outra parte.

Para estes efectos enténdese por terceiras partes aquelas que non están vinculadas organicamente ás partes.

UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e como tal se atopa excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán solucionarse de mutuo acordo no seo da comisión de seguimento constituída. Se non resultase posible alcanzar o devandito acordo, tales cuestións serán resoltas de acordo co establecido para os conflitos de atribucións na Lei 16/2010, do 17 de setembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.



E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, e para un só efecto, no lugar indicado no encabezamento e na data de última sinatura.

**Pola Fundación Cidade da
Cultura de Galicia**

**Pola Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Mar Pereira Álvarez
Directora

Anexo I: Modelo de contrato de cesión de uso.

Anexo II: Relación de locais postos a disposición do Espazo Empresas no edificio CINC.



Anexo I: Modelo de contrato de cesión de uso.

CESIÓN DE USO DE ESPAZOS NO GAIÁS, CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, PARA USOS E ACTIVIDADES VENCELLADOS ÁS NECESIDADES DE COORDINACIÓN DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, (en diante a **FUNDACIÓN**) con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G-15721640.

Está representada neste acto por _____, na súa condición de Director/a Xerente, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación en data do _____.

E de outra, _____ (en diante **O CESIONARIO**), con domicilio social na rúa _____ e NIF _____, constituída o día _____, ante o notario do Ilustre Colexio de _____ don _____.

Está representada neste acto por _____, na súa condición de _____, conforme aos poderes outorgados ao efecto ante o notario do Ilustre Colexio de _____ don _____.

As Partes manifestan ter e recoñécense, mutua e reciprocamente, a capacidade xurídica necesaria para outorgar o presente documento, para cuxos efectos,

EXPOÑEN

I.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia é unha fundación do sector público galego, sen ánimo de lucro, declarada de interese cultural pola orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, e cuxo obxecto, recollido no artigo seis dos seus Estatutos, é *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural”*.

II.- Que conforme aos seus estatutos, para a consecución dos obxectivos mencionados no artigo anterior, a fundación pode realizar as seguintes actividades:

a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*

b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías. [...]*



e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. [...]*

g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*

h) *As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.”*

III.- Que a Amtega é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a “definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico”.

IV.- Que o Goberno galego a través da Estratexia Galicia Dixital 2030, liderada pola Amtega e ten o obxectivo de facilitar a transición cara a unha sociedade máis dixital e ecolóxica, o cal constitúe unha prioridade comunitaria fundamental para potenciar a revitalización da economía e asegurar unha senda de crecemento sostible.

Para abordar a misión proposta, e tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, defínense os seguintes elementos que conforman os cimentos fundamentais da Estratexia: 7 EIXES ESTRATÉXICOS que potenciarán solucións dixitais para contribuír a dar resposta aos novos retos globais baixo un enfoque integrado de rexión que asegure á cidadanía no centro e se oriente cara á construción dunha Galicia máis sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

- 1) Goberno e Administración Intelixente; consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos, que responda ás necesidades e expectativas da cidadanía, facilitando a participación da mesma e, de forma proactiva, informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.
- 2) Sociedade Dixital e Inclusiva; dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas, así como o pensamento crítico, a creatividade ou a xestión da carreira ao longo de toda a vida, a través da aprendizaxe permanente.
- 3) Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social; traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, contribuíndo a mitigar os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sostibilidade dos sistemas e servizos sociosanitarios.
- 4) Territorio Intelixente, Verde e Resiliente.; avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sostibilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.



- 5) Conectividade Dixital do Territorio; promovendo unha Galicia máis integrada e conectada, asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.
- 6) Cultura e Turismo Intelixente; potenciando unha Galicia máis aberta, accesible e interactiva, impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.
- 7) Economía Dixital e Sostible; impulsando a transición dixital do modelo produtivo como factor fundamental para o aumento da competitividade, o emprego e a xeración de valor do tecido empresarial permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

V.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, asinaron, un convenio de colaboración coa finalidade de satisfacer, mediante a cesión por parte da Fundación dos espazos libres da súa titularidade, as necesidades que ten a Axencia de coordinar os proxectos estratéxicos sobre servizos que actualmente se están proporcionando por varias empresas, sendo moi conveniente para a Axencia para a Modernización Tecnolóxica que o persoal das empresas contratadas por esta e que desenvolven servizos sobre proxectos estratéxicos que requiren coordinación entre diferentes empresas ou coordinación coa Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica, se ubiquen en instalacións moi próximas ás súas dependencias.

VI.- A Fundación ofrece a opción de ceder determinados espazos para uso privado, en coherencia co plan de sustentabilidade económico-financeiro e os fins establecidos no artigo 7 do seus estatutos.

VII. Que, conforme ao exposto, a empresa _____ está interesada en arrendar determinados espazos na Cidade da Cultura de Galicia.

Ambas as partes o levan a efecto mediante a formalización solemne do presente documento contractual, que virá regulado polo previsto no presente contrato e nas prescricións previstas no Código Civil e, máis concretamente, polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente contrato, a cesión de uso de ___ postos ou unidades de espazo situados no local _____ do edificio Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC) na Cidade da Cultura de Galicia, para a súa utilización polo CESIONARIO, e que aparecen descritos no **ANEXO I** do presente contrato.

O CESIONARIO declara que os espazos cedidos en virtude do presente contrato se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan.

Así mesmo, unha vez producida a resolución deste contrato ou a expiración da súa vixencia, comprométese a poñer os espazos e instalacións de forma inmediata á disposición da Fundación no mesmo estado en que se encontraban no momento da sinatura do contrato.



O CESIONARIO non poderá levar a cabo modificación ningunha nas instalacións sen a autorización expresa da Fundación, e acepta neste acto as normas e condicións xerais aprobadas pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

SEGUNDA.- PRAZO DE DURACIÓN

O prazo de duración do contrato será DUN ANO a partir da data da súa sinatura.

Chegada a data de vencemento do contrato, este prorrogarase de xeito automático por prazos anuais, se ningunha das partes manifestase o contrario con dous meses de antelación á data de vencemento de cada prórroga anual.

A expiración dos contratos e das súas prórrogas polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar indemnizacións.

As condicións de montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

TERCEIRA.- PREZO

O CESIONARIO aboará con carácter mensual á Fundación pola cesión dos espazos descritos no presente contrato a cantidade de **noventa e catro euros por mes e posto, máis o IVE correspondente (94,00€/mes/posto máis IVE)**, alcanzando un importe total de _____ **máis o IVE correspondente**.

O pagamento do prezo deberá realizarse nos **cinco primeiros días do mes**, mediante transferencia bancaria á conta corrente que indique a Fundación, sendo de obrigado cumprimento para ambas as partes o disposto nas disposicións legislativas en materia fiscal e tributaria vixentes no momento da celebración do contrato. A Fundación emitirá a correspondente factura en concepto de arrendamento. O prezo inclúe as subministracións xerais (auga, enerxía eléctrica, gas e gasóleo) e os servizos de seguridade, mantemento xeral e limpeza da Cidade da Cultura de Galicia, durante o tempo de duración do alugueiro obxecto deste contrato.

O CESIONARIO non se fará cargo dos custos dos traballos de adaptación e mobiliario dos espazos cedidos. Pola contra, serán da súa conta, entre outros, os gastos de telefonía móbil, licenzas de *software*, gastos de material de oficina e equipamento, contribucións administrativas, licenzas e impostos derivados da realización da súa actividade, gastos de transporte e mensaxería.

No momento da formalización do contrato, O CESIONARIO ten depositado _____ (sinalar datos aval bancario ou garantía en metálico, no mesmo número de conta da Fundación Cidade da Cultura), correspondente a **dúas mensualidades sen IVE do prezo mensual establecido**, en concepto de garantía do cumprimento do contrato. A devandita garantía será devolta ao Cesionario ao finalizar a relación contractual, unha vez deducida calquera cantidade debida á fundación nese momento, dedución que consente neste acto o Cesionario.

Esta fianza prestarase en metálico ou mediante aval bancario a primeiro requirimento e con expresa renuncia aos beneficios de división e excusión, polo citado importe.



O depósito manterase ata a liquidación do correspondente contrato. No caso de que o CESIONARIO non cumprira as obrigas contractuais establecidas no contrato en tempo e forma, a Fundación poderá executar a fianza, sen prexuízo de reclamar danos ou prexuízos adicionais, así como o cumprimento específico ou a resolución do contrato sen custe algún para a Fundación.

CUARTA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; mentres estea vixente o presente contrato de cesión de espazos, a limpeza das instalacións e espazos obxecto de cesión, corresponden na súa totalidade á Fundación, quen asume a responsabilidade de contar, en todo momento, cos recursos materiais e humanos que aseguren que o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado.

Unha vez finalizada a relación contractual, o CESIONARIO deberá deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que o CESIONARIO acumule entullos ou refugallos, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á empresa cesionaria este servizo en partida independente ao prezo do contrato.

QUINTA.- SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESO

A Fundación conta cun servizo de seguridade para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

O CESIONARIO é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente. Así mesmo, deberá identificar o persoal e vehículos que accedan ao recinto da Cidade da Cultura, para o mantemento da integridade e seguridade do complexo do Gaiás.

SEXTA.- MANTEMENTO

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, o CESIONARIO será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas pola cesión, asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, o CESIONARIO comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

En todo caso, na data de sinatura do presente documento, o CESIONARIO deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguros de responsabilidade civil, por un importe mínimo equivalente ao triplo do prezo do presente contrato sen IVE, para responder dos danos persoais e materiais derivados da utilización dos espazos e instalacións cedidos e das actividades organizadas polo CESIONARIO. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

SÉTIMA.- CONDICIÓNS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E ESPAZOS CEDIDOS.

En ningún caso a utilización polo CESIONARIO das instalacións ou espazos obxecto deste contrato poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.



A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola persoa ou entidade CESIONARIA:

- O Cesionario deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso, o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local, de luns a venres de 07:00 horas a 22:00 horas. Estableceranse excepcións a estes horarios para as empresas que presten servizos en horario 24x7x365, as cales deberán notificalo con carácter previo para os efectos do contrato, identificando ao persoal asignado ás ditas quendas, para os efectos de autorización de acceso aos postos aos que afecte a excepcionalidade.
- A sinalética e decoración das instalacións e espazos obxecto de cesión, que serán sempre provisionais, desmontables, e non alterarán elementos estruturais, nin suporán obras no recinto obxecto de cesión, haberán de ser aprobadas pola Fundación, mediante a remisión previa, con polo menos sete (7) días hábiles de antelación, dun proxecto que inclúa aquelas propias dos espazos. En caso de non contestar no prazo de catro (4) días hábiles dende a súa recepción pola Fundación entenderase denegado o referido proxecto.
- Tras a finalización da relación contractual, a empresa deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo Cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade e, no seu caso, a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do contrato.

OITAVA. - RESPONSABILIDADES

A Fundación non se fai responsable do material de traballo que o CESIONARIO poida manter nas instalacións ou espazos cedidos. En concreto, a Fundación non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro dos espazos obxecto deste contrato, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato. A vixilancia e seguridade do mobiliario e equipamento da súa propiedade serán por conta do Cesionario.

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas do espazo arrendado, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor.

O CESIONARIO será o único responsable de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O CESIONARIO comprométese a respectar as normas establecidas pola Fundación Cidade da Cultura, en materia de estética do edificio, identidade corporativa, horarios e outra normativa de uso esixible segundo o previsto no Protocolo e Instrucións aprobadas pola Fundación.

NOVENA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte do CESIONARIO, en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.



No caso de que o CESIONARIO leve a cabo a captación de imaxes, fotografías, vídeos, ou calquera outro tipo de material gráfico nas referidas instalacións da Fundación, nas que sexan identificables persoas físicas, será responsabilidade do CESIONARIO recadar a correspondente autorización das persoas afectadas, exonerando de calquera responsabilidade ao respecto á Fundación.

DECIMA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente contrato.

Non obstante o anterior, o CESIONARIO queda facultado, previo consentimento da Fundación, para transferir, subarrendar e ceder os intereses e posición do CESIONARIO neste contrato, total ou parcialmente, a compañías do grupo de empresas ao que pertenza o CESIONARIO, tales como, a título enunciativo, fusionés, escisións e achega de activos ou ramas de actividade. Isto tamén debe aplicar a calquera asignación do contrato de arrendamento do CESIONARIO a compañías pertencentes ao grupo de compañías do CESIONARIO, sen que en ningún caso poida supoñer incremento algún na renda en ningún dos dous supostos anteriores.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O presente contrato poderá modificarse a petición do CESIONARIO sempre e cando precise ampliar ou reducir o número de unidades vencelladas ao cumprimento das actividades de coordinación coa Amtega no ámbito dos obxectivos estratéxicos desta Axencia. En caso de petición de ampliación, a autorización da modificación e a sinatura da novación modificativa estará condicionada ás posibilidades de utilización dos locais referenciados no presente contrato.

En calquera caso, o CESIONARIO deberá comunicar dita circunstancia ao seu coordinador na Amtega o cal dirixirá a petición á Fundación, a fin de determinar se a dita modificación se vincula á prestación de servizos para a Amtega.

DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DO CESIONARIO

En virtude do presente contrato, o CESIONARIO comprométese a:

- a) Cumprir fielmente as indicacións e instrucións da Fundación e do seu persoal para conseguir un mellor funcionamento e perfecto clima de convivencia no uso de tales espazos. O incumprimento polo CESIONARIO ou polo seu persoal dependente das citadas normas, poderá ser considerado como causa de incumprimento do presente contrato, se deste se derivasen danos ou prexuízos para outros usuarios do Edificio ou para a mesma entidade ARRENDATARIA. O incumprimento reiterado, posto de manifesto polo CESIONARIO, dará dereito á Fundación a resolver inmediatamente o contrato deixando a salvo as responsabilidades a que de lugar a actuación do Cesionario.
- b) A comunicar a Fundación os cambios de persoal autorizado, para o que deberá notificar nome e apelidos, DNI, mail de contacto e horario do persoal a autorizar, e o persoal ao que substitúe.
- c) Queda expresamente prohibido ao CESIONARIO a instalación de calquera cartel ou anuncio nas instalacións, sexa da clase que sexa, que non estea expresamente autorizado pola Fundación.



- d) Utilizar os espazos cedidos conforme aos máis altos estándares de calidade e imaxe.
- e) Velar pola boa orde no recinto dos espazos e instalacións.
- f) Adoptar as medidas precisas para asegurar a hixiene dos espazos e instalacións cedidos.
- g) Acreditar e xustificar sempre que o solicite Fundación, o cumprimento de todas as obrigas a que se refire o parágrafo anterior, a de seguridade e hixiene no traballo, regulamentación técnico-sanitaria, se é o caso, etc...
- h) Cumprir todas as normas que regulan a actividade de control de acceso e seguridade do recinto.
- i) Informar a Fundación de cantas operacións xurídico-societarias se produzan na súa empresa que teñan incidencia na relación contractual que as vincula, tales como cambio de representante legal, cambio de forma xurídica da empresa, cambio de denominación, cambio de domicilio social, etc.
- j) O CESIONARIO deberá contar en todo momento coas licenzas administrativas tanto locais, coma autonómicas e estatais, que amparen a totalidade das actividades que desenvolva.
- k) O CESIONARIO obrígase a permitir o acceso ao espazo, ao persoal asignado pola Fundación e aos operarios ou industriais mandados por esta, para a realización, inspección e comprobación de calquera clase de obras ou reparacións que afecten ao espazo cedido, dentro do horario normal de apertura. En caso de urxencia ou forza maior, poderá tamén a Fundación, por si ou por medio de persoas autorizadas, acceder ese espazo fóra das horas de apertura ou funcionamento, para atender as reparacións ou revisións precisas e adoptar as medidas necesarias. Nestes casos, darase conta inmediata ao Cesionario do actuado.
- l) A instancias da Fundación e por causa xustificada, forza maior e/ou calquera outra causa que non puidese ser prevista no momento de sinatura do contrato, o CESIONARIO queda obrigado ao traslado do espazo a outro de similares características dentro do mesmo edificio e nas mesmas condicións do arrendamento vixentes nese momento, no prazo de 15 días naturais, contados dende a recepción da comunicación en tal sentido realizada fehacientemente. Todos os gastos necesarios para efectuar o traslado serán de conta da Fundación. Neste caso o Cesionario poderá optar entre aceptar o traslado a un novo espazo ou ben rescindir o contrato, previa comunicación expresa por escrito dirixida á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- m) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación de actividades empresariais prevista no Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- n) Incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación do edificio.



DÉCIMO TERCEIRA.- INSPECCIÓN E CONTROL

Sen prexuízo das obrigas que corresponden ao CESIONARIO, a Fundación resérvase o dereito a controlar o cumprimento das obrigas derivadas do presente contrato, podendo inspeccionar en todo momento calquera aspecto da utilización das instalacións e espazos cedidos.

DÉCIMO CUARTA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán causas de resolución do contrato por causa imputable ao CESIONARIO, as seguintes:

1. A insolvencia do CESIONARIO, entendendo por tal non só os supostos de concurso de acredores, senón tamén o incumprimento reiterado das súas obrigas con acredores, provedores ou empregados.
2. O incumprimento das obrigas establecidas no presente contrato.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á Fundación.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
6. O comportamento irregular do CESIONARIO ou terceiros dependentes del.
7. En caso de condutas, actuacións, prácticas ou organización de actos que comporten un risco para a reputación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia ou para o complexo do Gaiás. Para tales efectos, entenderase por risco contra a reputación da Fundación, o risco de posibles prexuízos ou de danos á imaxe, crédito ou reputación da Fundación.
8. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente contrato ou na normativa civil aplicable.
9. A resolución por incumprimento do CESIONARIO extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

Ademais serán causas de resolución non imputables ao contratista;

1. A realización de actividades que non estean vencelladas aos obxectivos estratéxicos da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
2. O cambio de uso dos espazos cedidos pola vinculación dos mesmos ás actividades propias da Amtega ou da Fundación, o cal lle será notificado con dous meses de antelación. A resolución do contrato por este motivo non dará dereito á indemnización.

DÉCIMO QUINTA.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Será de exclusiva responsabilidade do CESIONARIO o cumprimento de todas as normas e disposicións vixentes en materia de seguridade e prevención de riscos laborais vixentes e/ou que poida requirir para a utilización das instalacións ou espazos cedidos.

DÉCIMO SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE E CONFLITO DE INTERESES

A información e documentación que se xere con motivo do contrato, será propiedade exclusiva da parte que a xere. Ningunha das partes poderá divulgar a devandita información sen o previo consentimento por escrito da outra parte, salvo nos casos previstos legalmente, así como cando esta sexa requirida por algún órgano e/ou institución administrativa ou xudicial de conformidade co procedemento legalmente establecido.



En calquera caso, a Amtega terá coñecemento de canta información se derive da presente cesión de uso.

A información que as partes proporcionen ou coñezan, por motivo do contrato, será considerada estritamente confidencial, polo que quedan obrigadas a non a revelar a terceiras persoas alleas ás partes. Por tal motivo, as partes tomarán as medidas necesarias para evitar a divulgación da información que por motivo ou consecuencia dos servizos obxecto do contrato manexen outras persoas, e evitando tamén que terceiras persoas alleas ás partes teñan acceso a ela.

En caso de que a información proporcionada polas partes chegase a coñecemento de terceiras persoas alleas a estas por dolo, negligencia ou mala fe imputable a algunha das partes e/ou o seu persoal, a parte responsable deberá responder polos danos e prexuízos ocasionados á outra, sen prexuízo das responsabilidades e sancións legalmente previstas.

DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que o CESIONARIO facilite para a formalización e adecuado desenvolvemento do presente contrato, serán tratados, na súa condición de responsable, pola Fundación.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o propio cumprimento do presente contrato.

Os datos persoais proporcionados polo CESIONARIO serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación do arrendamento dos espazos acordados e a prestación dos servizos derivados do mesmo, polo que serán conservados mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, especialmente fiscal e/ou contable.

Respecto aos datos persoais de terceiros facilitados polo CESIONARIO, incluídos no seu caso os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa comunicación, o CESIONARIO deberá informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación ou supresión dos seus datos persoais, así como exercer outros dereitos segundo o establecido nos artigos 15 a 22 do RXP, dirixindo un escrito á seguinte dirección: Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceira planta (Monte Gaiás) de Santiago de Compostela (A Coruña).

No caso de que a prestación dos servizos do presente contrato faga necesario que a Fundación teña acceso á datos persoais baixo a responsabilidade do CESIONARIO, a Fundación terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do RXP polo que deberá dar cumprimento ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

1. Utilizar os datos persoais aos que teña acceso só para a finalidade obxecto deste contrato. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios. Se o Encargado do Tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXP ou calquera outra disposición en materia de protección de datos, informará inmediatamente ao Responsable disto.
2. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.



3. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O responsable autoriza ao encargado a subcontratar os servizos necesarios para dar cumprimento ao presente contrato. Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Ao encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.

6. Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto. Esta obriga se estende aos traballadores das empresas que participen na execución do contrato.

7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que se lles informará convenientemente.

8. Manter a disposición do responsable do tratamento a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no apartado anterior

9. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

10. Asistir ao responsable na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente.

11. Notificar ao responsable, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXP.

12. Dar apoio ao responsable na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

13. Poner disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

14. Auxiliar ao responsable do tratamento a implantar as medidas de seguridade necesarias para:

a. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.



- b. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

15. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.

16. Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución das prestacións acordadas.

DÉCIMO OITAVA.- XURISDICIÓN APLICABLE

Para calquera diverxencia entre as partes que non puidese ser resolta de mutuo acordo, o presente contrato quedará sometido á xurisdición civil dos xuíces e tribunais de Santiago de Compostela con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

E en proba de conformidade co contido do presente documento, ambas as dúas partes asinan e ratifican por duplicado no lugar e data arriba indicados.

O CEDENTE
Pola Fundación Cidade da Cultura

O CESIONARIO
Pola Empresa

Director/a Xerente



Anexo II. Relación de locais postos a disposición do Espazo Empresas no Edificio CINC

A Fundación pon a disposición de terceiras empresas os seguintes espazos situados na planta baixa do Edificio CINC, para os efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Amtega:

Local	Superficie útil	Nº postos habilitados
nº 105	206,95 m ²	27
nº 106	13,28 m ²	4
nº 108	7,10 m ²	5
nº 126	174,38 m ²	44
nº 128	123,38 m ²	24
Nº 212	131,23 m ²	21

O número de postos de traballo habilitados en cada local segundo a táboa anterior é orientativo, sendo susceptible de sufrir variacións en atención ás obras que, de ser o caso, se poidan acometer no futuro.

Os locais nº 105, nº 106, nº 108, nº 126 e nº 128 están divididos en “unidades de espazo” susceptibles de cesión independente que constarán dos seguintes elementos:

- 1 mesa de traballo
- 1 cadeira de oficina
- 1 caixoneira móbil

No caso do local 212 do CINC, se cederá co seguinte equipamento;

- 1 paraugueiro
- 1 colgadoiro
- 13 armarios de madeira laminada, de 2 portas
- 1 mesa redonda de madeira laminada
- 6 cadeiras sen rodas
- 20 caixoeiras de madeira laminada
- 14 mesas rectangulares con mesa auxiliar, de madeira laminada
- 6 mesas rectangulares, de madeira laminada
- 20 cadeiras con rodas
- 7 papeleiras

En calquera caso, manteranse os contratos vinculados aos convenios asinados entre a Fundación e Amtega o 22 de outubro de 2013 e 12 de abril de 2019 co fin de poñer a disposición de terceiras empresas espazos libres situados na planta baixa do Edificio CINC, para aos efectos de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con ditas empresas.

Sen prexuízo do anterior, as partes conveñen a posibilidade de ampliación da superficie a disposición de terceiras empresas coa incorporación dos espazos denominados “Pool” da planta baixa que actualmente están cedidos á Amtega para usos propios da Axencia. En calquera caso, Amtega poderá revocar de forma unilateral a cesión deste espazo a terceiras empresas, sempre que precise este espazo para funcionamento propio da entidade e o notifique á Fundación con polo menos dous meses de antelación á data de uso efectivo dos espazos, a fin de permitir a oportuna comunicación de rescisión de contratos ás empresas afectadas.

